

SOCIOLINGÜÍSTICA

Unidade 8.- Historia da lingua (1): ata o século VIII.

FÍXATE NO SEGUINTE:

→ Como se orixina o galego?

O galego é a transformación do latín vulgar no noroeste da Península, sobre o cal exerceron influencia as linguas dos pobos prerromanos (protoceltas, celtas) e mais as linguas dos pobos chegados despois dos romanos (xermanos e árabes). Isto é:

Orixe do galego (arredor do séc. IX)	
a) Linguas de pobos prerromanos (substrato)	Anteriores á chegada dos romanos
b) LATÍN VULGAR (=latín falado, modalidade de latín coloquial ou familiar)	Séculos II e I a. C. -Proceso de: .-Romanización ou latinización. Sécs. V-VIII: latín vulgar medieval.
c) Linguas de xermanos e árabes (superestrato)	Posteriores á chegada dos romanos: .-Xermanos: séc. V. .-Árabes: séc. VIII.

(Ver cadro da páx. 177 do libro de texto).

A partir do século IX no galego vese a influencia doutras linguas coas que entra en contacto (por ex., do provenzal ou do italiano a través da literatura...), sobre todo en préstamos léxicos.

→ O galego procede do latín vulgar, igual ca o portugués, o castelán, o catalán, o francés, o provenzal, o italiano, o romanés, etc. Son variedades xeográficas (ou tópicas) do latín vulgar, chamadas dialectos románicos, romances ou neolatinos.

→ Na etapa que vai desde o século V ata o IX nacerán as actuais linguas peninsulares froito da evolución e diversificación do latín (agás o éuscaro, que é tan antigo coma o latín).

CONTESTA AS CUESTIÓNS: 1 (páx. 173), 2, 3 (páx. 174), pensa no que se plantea na actividade 4 (páx. 175) e 5 (páx. 176).

FORMACIÓN HISTÓRICA DO LÉXICO GALEGO:

→→ As palabras do léxico galego proceden fundamentalmente do latín vulgar e dependendo do momento no que foron introducidas e do seu grao de evolución falamos de:

- Palabras patrimoniais ou popularismos.
- Semicultismos.
- Cultismos.

FÍXATE NOS CADROS DO LIBRO DE TEXTO E CONTESTA A PREGUNTA 6 (páx. 180).

→→ Ademais, o léxico galego inclúe palabras doutras linguas (préstamos e calcos) ou introduce novas palabras (neoloxismos).

.-Préstamos: palabras que unha lingua toma “prestadas” doutra.

.-Calco: transposición dunha palabra dunha lingua a outra, por tradución literal (por ex. “balompé” é un calco do inglés “foot-ball”).

11. ✍ **Actividades** (ademais das anteriores, mencionadas no esquema): 1, 2, 4, 6, 8, 9, 10,

✍ **ORTOGRAFÍA.**

Actividades 1, 2 (páx. 184).

😊 **O COMENTARIO CRÍTICO (3):** Ler *O corpo argumentativo*.

✓ **CD:**

.-Uso de *c/cc, co-/cua-/ca-*.

.-Historia da lingua (1).

.-A presentación de escritos.